

LIBRO VII DO COMITÉ GALEGO DE ÁRBITROS

FINS E CONSTITUCIÓN

Artigo 1

1. O Comité Galego de Árbitros, no sucesivo CGA, é un órgano técnico da FEGAN que atende directamente ao funcionamento do colectivo de Xuíces e Árbitros, e correspóndenlle, con subordinación ao Presidente da FEGAN, o goberno, representación e administración das funcións atribuídas a aqueles, nas especialidades de natación, wáter-polo, saltos, [natación artística a augas abertas](#), acolléndose para isto aos Estatutos e Regulamentos da FEGAN, FINA, LEN, RFEN e organismos superiores.

2. O domicilio do CGA será o da FEGAN.

Artigo 2

1. Correspóndelle ao CGA:

- a) Establecer os niveis de formación arbitral e coidar da súa formación técnica, capacitación e perfeccionamento e actualización permanente.
- b) Clasificar tecnicamente os árbitros e propoñer a adscrición ás categorías correspondentes, nomeando os puntuadores necesarios para a súa realización.
- c) Propoñer os candidatos a árbitros de categoría nacional.
- d) Aprobar as normas administrativas regulando a arbitraxe.
- e) Asignar os árbitros nas competicións oficiais da FEGAN.
- f) Propoñer á Xunta Directiva da FEGAN as contías correspondentes aos gastos de desprazamento, estancia, axudas de custo e dereitos de arbitraxe para cada tempada.

Así mesmo propoñerá a dotación das partidas orzamentarias necesarias para atender os gastos derivados da realización de reunións técnicas.

g) Exercer a potestade disciplinaria de orde técnica sobre os árbitros.

h) Asesorar ás Comisións Técnicas Deportivas en todos os asuntos da súa competencia.

i) Calquera outra delegada polo presidente da FEGAN.

2. As propostas ás que se refire o punto anterior elevaranse ao Presidente da FEGAN para a súa aprobación definitiva.

3. A clasificación sinalada no punto 1.b. levarase a cabo en función dos seguintes criterios:

- a) Probas físicas e psicotécnicas.
- b) Coñecemento dos Regulamentos, interpretación e criterios de aplicación.
- c) Experiencia mínima, número de actuacións e puntuación.
- d) Idade.

Artigo 3

1. A Xunta Directiva do CGA estará composta polos seguintes membros:

- Presidente
- Vicepresidente
- Secretario

- Os vogais responsables das modalidades deportivas necesarios en función da actividade da FEGAN
- Vogal de formación arbitral.

Podendo concorrer nunha mesma persoa o desempeño de varios cargos dentro da Xunta Directiva

2. Poderán nomearse outros vogais para a realización de tarefas específicas.

Artigo 4

O Presidente do CGA, árbitro en activo ou excedente, será nomeado polo Presidente da FEGAN, e formará parte da Xunta Directiva da FEGAN.

Artigo 5

Aos vogais responsables das modalidades deportivas compétenlle as seguintes tarefas:

- a) Coidar do bo funcionamento das súas vogalías en todas as súas atribucións.
- b) Propoñer ao Presidente do CGA, os membros colaboradores da vogalía.
- c) Dirixir a vogalía no aspecto técnico.
- d) Propoñer ao CGA, para que este eleve á Xunta Directiva da FEGAN, a concesión de honras e recompensas aos árbitros territoriais da súa modalidade, segundo as normas que, para os efectos, se establezan.
- e) Propoñer os árbitros que deben actuar en cada partido ou competición territorial.
- f) Clasificar en cada tempada os árbitros territoriais en categorías, a partir das avaliaciós dadas polos informadores, de acordo co establecido neste Libro, para a súa elevación á Xunta Directiva del CGA e aprobación definitiva, no seu caso, pola FEGAN.
- g) A convocatoria e desenvolvemento dos cursos de ingreso, formación, actuación e perfeccionamento dos árbitros, en colaboración co vogal de formación arbitral.
- h) A interpretación, orientación e unificación de criterios respecto ao contido do regulamento vixente.
- i) O estudo, interpretación e desenvolvemento da arbitraxe no ámbito rexional, para poñer os medios precisos co obxectivo de obter a adecuada dirección e preparación dos árbitros, segundo as directivas da CNA.
- j) Elevar á Xunta Directiva do CGA propostas económicas para o seu traslado á FEGAN.

Artigo 6

1.- O CGA estará asistido por un Secretario, designado polo Presidente da FEGAN, que terá ao seu cargo a preparación e despacho material dos asuntos, e en xeral, de todas as tarefas de índole administrativa do Comité. Poderá adscribirse á Secretaría o persoal necesario para cumplir os seus fins.

2.- O Secretario asistirá ás reunións do CGA con voz pero sen voto.

3.- A secretaría levará un rexistro das actuacións de todos os membros do CGA, así como os relativos ao seu control.

DOS ÁRBITROS TERRITORIAIS

Artigo 7

Terán a consideración de árbitros territoriais, todas aquelas persoas que superasen as probas de acceso a esta categoría e non causasen baixa. Segundo este Libro os árbitros clasífiicanse na forma seguinte:

A) Pola súa especialidade:

A.1.- NATACIÓN: Os capacitados para actuar indistintamente en todos os cargos dun xurado de Natación, segundo o regulamento técnico da FINA.

A.2.- WÁTER-POLO: Os capacitados para actuar como tales segundo o regulamento técnico da FINA (Inclúense nesta denominación os que, por imperativo da idade, ao cumplir os 55 anos, actúen unicamente como auxiliares de mesa).

A.3.- SALTOS: Os capacitados para actuar indistintamente en todos os cargos dun xurado de saltos, segundo o regulamento da FINA.

A.4.- NATACIÓN ARTÍSTICA: Os capacitados para actuar indistintamente en todos os cargos dun xurado de natación artística, segundo o regulamento da FINA.

A.5.- AUGAS ABERTAS: Os capacitados para actuar indistintamente en todos os cargos dun xurado de augas abertas, segundo o regulamento técnico da FINA.

B) Pola súa situación:

B.1.- ACTIVOS: Aqueles que, obtendo o ingreso no CGA, e de conformidade coas súas normas, realicen cada tempada un mínimo de actuacións proporcional á actividade das que compoñan o calendario oficial da FEGAN.

Considéranse tamén en situación de activos os que, formando parte da Xunta Directiva do CGA, decidan non actuar. Así mesmo, tamén son membros activos os honoríficos.

A situación de árbitro activo limítase pola idade, que será de 55 anos en wáter-polo e 65 anos nas demais especialidades, pasando a unha "situación especial" onde poderán colaborar co CGA.

B.2.- EXCEDENTES: aqueles que se atopen en situación de excedencia, distingúindose entre:

a) Voluntarios: aqueles que así o soliciten formalmente por escrito e sexan aceptados polo CGA.

En ningún caso poderá solicitarse a excedencia voluntaria cando se estea sometido a expediente disciplinario.

A excedencia voluntaria terá unha duración máxima de catro anos, sen afectar aos que estean nesta situación polo exercicio preferente doutra especialidade arbitral nin en situación especial.

b) Forzosos: aqueles que non renoven a licenza nos prazos regulamentarios e, en todo caso, os que deixen de facelo no curso dunha tempada, e aqueles árbitros de natación que tramiten licenza de deportista en dita especialidade a partir do momento de causar alta na mesma.

A excedencia forzosa terá unha duración máxima de 2 anos, e unha vez transcorridos, causará baixa no CGA.

Para pasar da situación de excedente (voluntario ou forzoso) a árbitro en activo será necesario solicitalo formalmente por escrito ao comezar cada tempada e superar as probas vixentes de actualización de coñecementos no prazo regulamentado.

B.3.- SUSPENDIDOS: aqueles que, previa resolución do CGA ou do Comité Galego de Competición, estean cumprindo sanción disciplinaria.

B.4.- HONORÍFICOS: aqueles que, a xuízo da FEGAN previa proposta do CGA, sexan nomeados como tales.

B.5.- SITUACIÓN ESPECIAL: aqueles árbitros que cumpran algúna das seguintes condicións:

a) Estando en posesión da licenza, superasen a idade máxima establecida para árbitro en activo.

b) Ostenten algún cargo directivo nun club que practique a mesma especialidade deportiva segundo o indicado no Art. 17.1.

DEREITOS E OBRIGAS DOS ÁRBITROS

Artigo 8

Son dereitos dos árbitros territoriais en activo:

a) Asistir, sen necesidade de satisfacer dereitos de entrada ás probas e campionatos organizados polos

Clubes e Entidades afiliadas á FEGAN.

- b) Recibir a información técnica necesaria para manterse constantemente actualizado, así como as puntuacións e resultados dos test realizados.
- c) Percibir os importes estipulados pola FEGAN para as viaxes ou estancias que precisen para as actuacións oficiais ás que sexa asignado, así como os dereitos de arbitrase, con anterioridade ao partido ou competición, sempre que sexa posible.
- d) Solicitar información e dirixir peticións, suestións e propostas ao CGA, sobre aqueles asuntos que afecten ao interese xeral ou ao seu particular.
- e) Recibir o uniforme, distintivos e acreditacións establecidos polo CGA.
- f) Con carácter xeral, e referido á primeira convocatoria, recibir por escrito as convocatorias dos partidos ou competicións, cun mínimo de oito días de antelación.

Artigo 9

Son deberes dos árbitros territoriais en activo:

- a) Prestar a máxima colaboración ao CGA.
- b) Exercer a súa función independentemente a calquera outro cargo que ostente.
- c) Estar en posesión da correspondente licenza federativa.
- d) Actuar naquelhas probas para as que fose convocado, tendo que presentarse media hora antes do comezo do partido en wáter-polo, e coa antelación determinada na convocatoria no resto de especialidades.
- e) Deberá utilizar o uniforme e os emblemas do CGA.
- f) O Xuíz Árbitro duna competición deberá remitir ao CGA, cando lle sexa requirido, un informe completo relativo ás puntuacións de todos os Xuíces que actuasen no Xurado, atendendo ao aspecto técnico e persoal de cada un deles.

Artigo 10

Os árbitros están suxeitos ás disposicións que dite a FEGAN e o CGA sobre uniformidade, posible publicidade nas súas prendas deportivas e comportamento xeral con ocasión ou como consecuencia do desempeño das súas funcións.

FUNCIONAMENTO DO CGA

Artigo 11

O acceso á categoría de árbitro territorial seguirá o seguinte procedemento:

- 1.- As condicións para o acceso a árbitro territorial en cada unha das especialidades son:
 - a.- Ser maior de 18 anos e non ter cumplidos os 50 anos.
 - b.- Non estar inhabilitado, nin cumplindo sanción federativa.
 - c.- Ser árbitro local en activo desa especialidade e que o delegado local o propoña de entre quen leve, polo menos, unha tempada de antigüidade como árbitro local.
 - d.- Ter efectuado un mínimo de actuacións, durante a última tempada, na especialidade correspondente, que determinará cada tempada o CGA
 - e.- Ter efectuados as reciclaxes, e xornadas no seu caso, de carácter obrigado, organizadas polo CGA durante a última tempada.

Todas as propostas serán indicadas no historial de árbitro e enviadas ao CGA, no modelo oficial.

En todas as especialidades, as probas de ingreso realizaranse segundo a Normativa aprobada polo CGA para



cada tempada.

2.- O CGA solicitaralles aos delegados locais as propostas de acceso a árbitro territorial que se realizarán no impreso correspondente, no que figurará: Nome e apelidos, enderezo, teléfono, sede de ingreso no CGA (a nivel local), e descripción das actuacións desempeñadas na última tempada.

3.- O CGA estudará estas propostas, convocando os candidatos que teñan o historial e actuacións conforme ao regulamentado para as probas de ingreso.

4.- En todas as especialidades, as probas de ingreso realizaranse segundo á normativa aprobada polo CGA para cada tempada, realizándose a avaliación polo vocal da modalidade en colaboración co vocal de formación arbitral.

5.- As datas e o lugar para a celebración das probas de ingreso serán as que se determinen en cada tempada.

Artigo 12

O CGA, a través da súa vogalía de formación arbitral, ocuparase da formación, capacitación, actualización e perfeccionamento dos árbitros nos diferentes niveis e modalidades de natación, wáter-polo, saltos, [natación artística e augas abertas](#).

Artigo 13

1.- Todos os árbitros deberán inscribirse anualmente no CGA para, a través da FEGAN, efectuar a renovación da súa licenza.

2.- A tramitación da licenza será conforme ao que establezan, nesa materia, os Regulamentos da FEGAN, e nos prazos e condicións específicas previstas para cada tempada.

Artigo 14

1.- Segundo o calendario oficial de cada tempada, o CGA proporolle á FEGAN a designación dos árbitros territoriais que han de actuar en cada competición de ámbito rexional, atendendo entre outros, aos seguintes criterios:

- a) Número de actuacións no Comité Galego.
- b) Mellor preparación técnica.
- c) Categoría da competición
- d) Clasificación arbitral

2.- O CGA formulará, unha vez cumprido o prazo establecido de solicitude de licenzas e demás requirimentos esixidos en cada tempada, a relación de árbitros que poderán actuar nas competicións territoriais da tempada en curso, especificando a especialidade na que queden incluídos.

3.- Os árbitros da especialidade natación quedarán clasificados, cando sexa posible, nunha das seguintes categorías:

- a) Xuíz árbitro
- b) Xuíz de saídas
- c) Secretario de mesa
- d) Oficiais: aqueles que actúen como Xuíces de chegadas, estilos, viraxes ou outros establecidos polo CGA

Artigo 15

1.- Periodicamente, dependendo da especialidade, o CGA, a proposta do vogal da modalidade e a teor das valoracións técnicas arbitrais, dará a coñecer a clasificación dos seus membros nas distintas categorías.

2.- As actuacións en competicións de ámbito nacional, así como a asistencia ás reunións técnicas promovidas pola FEGAN ou pola RFEN, teranse en conta para os efectos do cómputo, no seu caso, do número de

actuacóns.

3.- Os árbitros de novo ingreso farán constar a categoría á que desexan pertencer (en natación, Xuíz Árbitro, Xuíz de Saídas, Secretaría, etc.).

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 16

1.-Ningún árbitro poderá ter licenza simultaneamente cos estamentos de técnicos ou directivos dentro da mesma especialidade. Si poderá ter licenza simultaneamente co estamento de deportistas da súa propia especialidade, podendo atuar soamente en competicións diferentes a da súa propia categoría.

2.- En todas as competicións, o Xuíz Árbitro (en natación, saltos e natación sincronizada) ou o Árbitro (en wáter-polo), levantarán unha acta no modelo oficial da FEGAN, que se lle remitirá a esta última, co seu informe ou anexos se fose preciso. Especialmente, coidarán do cumprimento deste requisito, con todas as formalidades requiridas, cando nunha proba se estableza calquera clase de récord ou mellor marca.

3.- O Xuíz Árbitro dunha competición ou o Árbitro de wáter-polo, están facultados para cubrir calquera posible baixa no Xurado nomeado polo CGA recorrendo a árbitros que se atopasen de espectadores, os cales se verán obrigados a prestar a súa colaboración, agás causas de forza maior.

4.- O CGA convocará, unhas reunións técnicas para cada especialidade, co propósito de actualizar e perfeccionar os coñecementos técnicos dos árbitros. Ditas reunións serán convocadas anualmente se fora posible e como mínimo naqueles anos en que houbera cambios nos correspondentes regulamentos. Devanditas reunións serán de asistencia obligatoria, agás causas de forza maior debidamente xustificadas.

DAS DELEGACIÓN LOCAIS

Artigo 17

1.- O Presidente da FEGAN, a proposta do Presidente do CGA, nomeará todos os Delegados Locais que fosen necesarios.

2.- As funcións de ditos Delegados serán:

a) Nomear os xurados das competicións locais que se desenvolvan no seu ámbito territorial ou aquelas que directamente lle sexan encomendadas polo vogal correspondente do CGA.

b) Presentar ás probas de árbitro territorial aqueles árbitros que cumpran as condicións esixidas para os efectos neste regulamento, previa solicitude do propio interesado, incluíndo a información requirida.

c) Colaborar coas labores de incorporación, formación e reciclaxe dos árbitros, cos vocais correspondentes.

d) Facer chegar no seu caso os pagamentos por dereitos de arbitraxe das competicións aos interesados, e remitir á Federación o correspondente recibo polos mesmos.

3.- O CGA deberá manter informados aos Delegados de todas as novedades.

4.- Os Delegados locais reuniranse unha vez por ano xunto coa Directiva do CGA, antes do comezo da tempada de competición para tratar asuntos propios do Comité, entre os que figurarán:

a) Fixación de datas e sedes dos exames a árbitros territoriais da tempada.

b) Organización das reciclaxes oportunas.

RÉXIME DISCIPLINARIO

Artigo 18

1.- Os árbitros cando actúan en competicións rexionais estarán sometidos ao Libro Disciplinario da FEGAN.

2.- O CGA porá en coñecemento do Comité Galego de Competición, motivadamente, calquera feito que poida supoñer infracción das normas que regulan a disciplina deportiva.

3.- Cando a actuación técnica dun árbitro fose notoriamente deficiente, o CGA, poderá adoptar, previo expediente, os seguintes acordos:

a) Apercibimento.

b) Amoestación.

c) Suspensión temporal de convocatoria a competicións rexionais, de ata tres meses.

4.- Os acordos referidos no punto anterior serán adoptados pola Xunta Directiva do CGA cando se trate de suspensión, ou polo vogal responsable da modalidade que lle corresponda nos demais casos.

5.- O procedemento para sancionar as faltas de orde técnica, anteriormente relacionadas, axustarase ás normas xerais do Réxime Disciplinario Deportivo da FEGAN.

6.- Contra os acordos adoptados polo CGA, por las faltas cometidas polos árbitros no aspecto técnico, cabe recurso ante a Xunta Directiva no prazo de 10 días hábiles, a partir do día seguinte a aquel no que reciba a notificación do acordo.

BAIXAS

Artigo 19

Causarase baixa como árbitro territorial nos seguintes casos:

1.- Quen o solicite voluntariamente.

2.- Quen deixe transcorrer o período de excedencia voluntaria ou forzosa, sen solicitar o reingreso.

Artigo 20

O CGA poderá propoñer que se diten as ordes ou instrucións do réxime interno que consideren precisas, as cales deberá aprobar a FEGAN.